

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia
San Caetano s/n
15781 – Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2020

Prezado Presidente:

Como ben sabes existe un problema real coas poboacións de xabaril no rural galego que supoñen un serio problema para as explotacións agrarias en cada campaña produtiva (millo, forraxe, castaña, vide, entre outras) ademais dun risco cada vez maior para a seguridade viaria (xa hai dez atropelos diarios de media nas estradas galegas, co conseguinte risco das persoas e incremento de prezos nos seguros de circulación), un risco de cara á xestión de enfermidades infecciosas do gando (preocupa especialmente a xestión do risco da peste porcina africana da que o xabaril é o principal vector transmisor) e mesmo de equilibrio nos ecosistemas, polo carácter depredador do xabaril.

A única ferramenta de xestión axeitada nos últimos anos veu demostrando ser a caza social galega que ten asignada cotas de animais a abater en cada Terreo Cinexético Ordenado (TECOR) para evitara a excesiva proliferación destes animais que en ausencia de presión cinexética poden duplicar a súa poboación en apenas un ano.

Non obstante, pola situación actual da pandemia e as medidas excepcionais que se teñen que tomar para limitar a mobilidade social, estase a producir un certo baleiro legal e unha certa confusión en torno ao mundo da caza: Os cazadores non están acudindo ao monte ante a inseguridade xurídica da súa mobilidade e non se poden completar as cuadrillas de caza. Asemade os toques de queda ás 11 da noite impiden as esperas nocturnas que se conceden para o control de danos.

Dado que dende a última semana de agosto ata finais de febreiro estaremos en plena tempada de caza é vital que haxa o suficiente número de xornadas efectivas para poder abater o número de animais que hai estipulado en cada TECOR para estabilizar as poboacións deste animal.

Por iso, e ante a confusión que existe entre diversas Consellerías con competencias en Medioambiente, Deportes e Sanidade que non son quen de poñerse de acordo, pregamos se interveña dende Presidencia para conseguir que se poida seguir a cazar en Galicia con normalidade, e na medida do posible se declare actividade esencial alomenos a caza de xabaril. Non en atención ao carácter de práctica deportiva da caza, senón ao seu papel

fundamental como ferramenta de xestión das poboacións do xabaril e os seus efectos sobre os ecosistemas, a seguridade viaria, a prevención de enfermidades na cabana gandeira, e os danos cuantiosos na agricultura.

Neste sentido, entendemos que se poden adaptar á realidade galega iniciativas como as de Andalucía, onde se vén de autorizar a caza como actividade esencial, en base ao seu insustituible rol como ferramenta de xestión poboacional de especies que precisan ser controladas polo seu potencial disruptivo en ámbitos como os sinalados.

Esperando que esta inquietude de Unións Agrarias, que é xeralizada no medio rural galego e no colectivo de cazadores, sexa atendida, aproveitamos a ocasión para enviarlle un afectuoso saúdo.



Roberto García González
Secretario xeral de Unións Agrarias – UPA